



**CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A TELEVISIÓN DE
GALICIA PARA A CONCESIÓN DO X PREMIO DIARIO CULTURAL DE TEATRO RADIOFÓNICO**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral de Cultura ten previsto formalizar coa Televisión de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2016

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A concesión do Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización deste premio, por canto é único nas súas características en Galicia e pioneiro a nivel estatal no fomento da escrita de textos dramáticos para a radio e ten como obxectivo incentivar a creación dun corpus dramático propio para este medio;





polo tanto non se trata só de recuperar as fórmulas convencionais de radioteatro senón tamén de estimular a escritura de pezas dramáticas contemporáneas e facilitar unha plataforma de creación aberta as novas linguaxes artísticas. Por todo o anterior é a Televisión de Galicia a que posúe a especificidade para a organización deste premio dada a actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida, xa que se trata de fomentar textos dramáticos para a radio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 13 de maio de 2016

